



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

**GRUPO MUNICIPAL
A POBRA DO CARAMIÑAL**

Xosé Manuel Casal Sabin, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa á eliminación dos dispositivo "foto-vermello" no semaforo da nosa vila.

.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro deste ano 2018 o Tribunal Supremo español ditaminou a ilegalidade dos sistemas "foto-vermello", máis coñecidos como radares de semáforo, cuestionando tanto a súa fiabilidade como que non se vulnere a presunción de inocencia. Esta sentenza veu a confirmar o que xa tiñan ditaminados numerosos tribunais e a ratificar as anulacións das multas interpostas por este método.

No noso concello existe un dispositivo deste tipo no semáforo entre os Xardíns Valle-Inclán e a Praza Maior. Polo que se desprende da relación de facturas e gastos presentadas polo goberno municipal o noso concello segue pagando á empresa concesionaria do dispositivo polo seu uso e actuación. Así pois, no noso concello seguen poñéndose multas mediante este método declarado ilegal. Imaxinamos que unha parte das persoas multadas recorrerán a infracción e lle será retirada, mentres que outras que descoñecen a sentenza si a pagarán, creando unha situación completamente inxusta e abusiva.. Ao BNG parécenos claro e evidente que o dispositivo existente no noso concello ten que deixar de ser usado para poñer sancións de tráfico.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

A C O R D O S

1.- O goberno municipal desenvolverá as actuacións precisas para anular o uso sancionador do dispositivo foto-vermello situado no semáforo do centro da vila que será substituído polo desenvolvemento de accións de concienciación e educación viaria.

A Pobra do Caramiñal, 15 de xullo de 2018.

CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL
REGISTRO ENTRADA
2018-E-RC-4280
18/07/2018 13:43



Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabin,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.